

Nel Vidal Barral, como presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897; con apartado de correos 771 de Santiago de Compostela; con enderezo electrónico info@ctnl.org e con teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO

Que logo de coñecidas as bases de selección para a provisión temporal dun/ha técnico/a de normalización lingüística no Concello de Irixoa, desde a CTNL detectamos na convocatoria algunha deficiencia grave relativa ás condicións laborais que debería modificarse:

- No punto 1.º das bases sinalase que as retribución serán de «425 euros brutos ao mes, incluído o prorrateo de pagas extras».
- Debido ás tarefas e funcións propias dun técnico ou dunha técnica de normalización lingüística, ás súas capacidades, coñecementos e competencias e á titulación esixida no proceso de selección (unha licenciatura), a praza debe ser ou estar para todos os efectos equiparada ás prazas de funcionario de grupo A. Polo tanto, as retribucións deben ser as correspondentes a esa categoría e acordes ao nivel de estudos esixido (unha licenciatura).

POLO QUE SOLICITO

- Que para que o Concello de Irixoa poida seleccionar o persoal máis e mellor capacitado, para optimizar o labor do SNL local, para contribuír a mellorar o proceso de normalización da lingua galega desde o Concello de Irixoa, e para que a persoa beneficiaria do proceso de selección traballe en condicións laborais dignas e acordes co seu nivel de estudos

se modifique o punto relativo ás retribución da base 1.^a da convocatoria para que a remuneración económica sexa acorde coa titulación esixida, e que, polo tanto, a praza de técnico/a de normalización lingüística sexa ou estea para todos os efectos equiparada ás prazas de funcionarios/as do grupo A.

- Que contén co apoio e asesoramento da CTNL para o que poidan necesitar no desenvolvemento deste proceso selectivo e na propia creación ou desenvolvemento das funcións do SNL do Concello de Irixoa.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2008

**Remítirase unha copia deste escrito a todos os grupos políticos con representación no Concello de Irixoa.*